



**Informe sobre o simulacro de abrocho de gripe A/H5 realizado polos servizos de saúde pública de Galicia (DXSP) e da Rexión Norte de Portugal (CRSPN) en abril e maio de 2007**

**Antecedentes.** O CRSPN e a DXSP veñen desenvolvendo diversas actividades orientadas á preparación fronte a unha pandemia de gripe, entre as que compre salientar as dirixidas a preparar a resposta fronte a un incidente na fase actual de preparación, a 3, na que a ameaza procede da epizootia de gripe A(H5N1) que dende 2003 esta a afectar a diferentes lugares do mundo. Por outra banda, co obxectivo orixinal de favorecer a cooperación e a coordinación das actividades de preparación fronte á pandemia, o CRSPN e a DXSP veñen mantendo reunións periódicas, e na que se celebrou en Porto o 21 de febreiro de 2007 decidíuse realizar un exercicio conxunto que permitise avaliar mediante unha simulación diferentes aspectos da resposta a un abrocho de gripe A(H5N1) orixinado en Galicia polo contacto con aves infectadas. Acordouse tamén nesa reunión que o simulacro daría comezo o 26 de abril de 2007, e que se confirmaría nos primeiros días de abril, como se fixo mediante o correo que se extracta no cadro 1.

**Cadro 1: Correo de confirmación do simulacro**

O simulacro consistirá no seguinte: a partir do 26, todos os días ás 9'00 a.m. hora da Galicia [*atrasado posteriormente o do CRSPN ás 12 horas*], o "apuntador" enviaralle un correo electrónico (dende a dirección "dxsp.vixepi@sergas.es") ao punto de contacto no CRSPN [*e outro na DXSP*], un relatorio de feitos relativos ao incidente considerado, a aparición dun caso de gripe A/H5N1 nunha ave en Galicia. A ese correo se lle contestará con outro, antes das 14'00 a.m. hora da Galicia [*atrasado posteriormente o do CRSPN ao final do día*], no que se indicarán as actividades que se desenvolverían en resposta aos feitos relatados. Estas actividades, que se limitan ás que lle correspondería desenvolver a saúde pública, haberá que describilas brevemente, indicando en que consisten, quen as realizaría, e cando, como e durante canto tempo se realizarían. Por exemplo, se unha actividade fose comunicarlle algo urxentemente ao Ministerio de Saúde, no correo diríase: "X lle notifica agora ao Ministerio por fax e correo electrónico ...", describindo en que consiste o notificado pero sen redactar a comunicación: no exemplo, "...que na Galicia se atopou unha ave infectada co A(H5N1)". Con esta resposta o apuntador elaborará, adaptándoa a ela, a narración que enviará na mensaxe do día seguinte, e por isto, probablemente xa dende os primeiros días a narración vaise bifurcar, e haberá unha para vos [CRSPN] e outra para nos [DXSP], dependendo das respostas que lle deamos aos feitos narrados.

E deste xeito procederase todos os días (exceptuando os sábados, os domingos e o 1º de maio, que contan a efectos do tempo narrativo mais non haberá correos electrónicos) ata que remate o simulacro, que durará como mínimo 7 días naturais (xa que asumimos que este é o período de incubación máximo da gripe A(H5N1) en humanos), e como máximo –depende do que dea de si a narración– ata o 11 de maio (16 días). Rematado este tempo, o apuntador (que é un de nos que non vai participar na resposta), elaborará un resumo do simulacro (...). Polo demais, o apuntador e os participantes poden cruzar os correos electrónicos que consideren necesarios para aclarar o que non teñan claro.

*Nota: o texto que vai entre corchetes é un engadido ao correo orixinal.*

**Metodoloxía.** Como se indica no texto do correo reproducido no cadro, a información precisa para realizar o exercicio, que se difundiu mediante correos electrónicos diarios, a ía proporcionando un epidemiólogo da DXSP que non participaba na redacción das respostas, que no simulacro respondeu ao nome de Apuntador. Como tamén se indica no dito texto, o simulacro partía dunha situación concreta: nun humidal de Galicia (que levou o nome de "H") observouse, o 25 de abril, *unha gran mortandade de aves silvestres, con clara sospeita de que se deba a gripe aviaria A(H5/N1) ou a outra cepa altamente patóxena do virus da gripe* [correo do 26 de abril]. Para darlle corpo ao simulacro, que en ausencia de resposta tería que poder evolucionar ata chegar a producir un ou máis clústers de casos humanos de gripe A/H5 (ver despois), no humidal colocáronse, o mesmo día 25, *máis de un coche (algúns con "matrícula do norte de Portugal" e outros con "matrícula da Galicia") e un par de autobuses (un dunha compañía do norte de Portugal e o outro*



*dunha compañía galega*) [correo do 26 de abril], e se informou de que *H recibe poucas visitas, as máis delas os días feriados, aínda que non é raro que –especialmente en primaveira– ata el se acheguen excursións escolares coa finalidade de que os nenos se vaian familiarizando coa natureza* [correo do 26 de abril], e de que, como era de prever –e necesario para o exercicio (ver despois)– *pola súa cantidade e polo estado en que atoparon algúns corpos, é probabel que as aves levasen xá días morrendo no humidal* [correo do 27 de abril]<sup>1</sup>.

Para xerar a dinámica do simulacro había que asumir certas características clínicas e valores para os parámetros epidemiolóxicos básicos, e se asumiron os que se veñen empregando no control da gripe humana por A/H5 (ver o cadro 2), non sendo os que atinxen á transmisibilidade. Asumíuse unha transmisibilidade ave-humano moi elevada, tendo en conta tanto o tipo de exposición que cabería esperar dos personaxes implicados no simulacro como polo que se sabe dos casos producidos ata agora, e unha transmisibilidade interhumana que lembra á da síndrome respiratoria aguda grave, feito imposible de contrastar polo reducido da casuística relativa á transmisión interhumana do virus gripal A/H5<sup>2</sup>.

#### **Cadro 2: Características epidemiolóxicas básicas asumidas**

- A infección humana produce unha enfermidade respiratoria aguda, febril e grave.
- Non hai casos nin pauci nin asintomáticos.
- Toda a poboación é igualmente susceptible.
- O período de incubación máximo é de 7 días.
- O período de transmisibilidade interhumana vai de 1 día antes ata 14 días despois do inicio dos síntomas.

Fronte á dinámica epidemiolóxica que se ía xenerando día a día, os participantes no estudo podían responder cunha serie de intervencións determinadas; esencialmente, as seguintes<sup>3</sup>:

- Buscar persoas expostas ao humidal, que se pode limitar ao día en que se detectaron as aves mortas, aquí chamada “busca concurrente de expostos”, ou abranguir ese día e un certo número de días previos, o que aquí se chama “busca retrospectiva de expostos”. Ademais, cada unha destas buscas pode ser “activa”, cando vai dirixida a individuos ou colectivos concretos, ou “pasiva”, cando se fai polos medios de comunicación.

- Avisar ao sistema sanitario, que se pode limitar ao día en que se detectaron as aves mortas e aos seguintes (busca prospectiva de casos), ou a abranguir ese día e un certo número de días previos (busca retrospectiva de casos). Ademais, cada unha destas buscas pode ser “limitada”, cando queda restrinxida a un área xeográfica determinada, ou “ilimitada”, cando abrangue todo o territorio, que neste simulacro son o da Rexión Norte de Portugal e o de Galicia.

<sup>1</sup> Fóra desta situación, o simulacro non contou con ningún outro elemento que implicase ás aves, nin sequera no relativo á posible implicación da saúde das persoas que terían que participar no control do foco. De feito, informouse de que *non hai aves de curral nin viven persoas nun radio de polo menos 5 Km do humidal* [correo do 26 de abril] e de que *non [se]observou ningún sinal de que haxa casos en aves noutros humidais ou currais de Galicia, nin tampouco no norte de Portugal* [correo do 27 de abril].

<sup>2</sup> Que se limita a un clúster que implica a 2 familiares dun caso tailandés (Ungchusak K et al. *N Engl J Med* 2005; 352: 333-40) e outro en Karo, Sumatra, con 7 casos secundarios (WHO. Avian influenza –situation in Indonesia: update 16, 31 may 2006), que lembra aos episodios de superdifusión observados na SRAG.

<sup>3</sup> No simulacro non se teñen en conta intervencións que serían importantes nunha situación real, ademais do xa comentado en referencia ao control do foco aviar, como son a limpeza e a desinfección axeitada dos espazos comúns e privados nos que o caso posible estivo a tusir durante o período de transmisibilidade, ou o control da infección no hospital cando saben que nel está ingresado un caso posible. Que non se teñan en conta no simulacro estas intervencións quere dicir que, as inclúsen ou non os participantes nas súas respostas, pola súa ausencia non se ía producir ningunha transmisión a humanos.



- Poñer aos contactos primarios (ie, os expostos a aves) e secundarios (ie, os expostos a casos humanos posibles ou probables de gripe A/H5) en “vixilancia pasiva” (ie, cando a intervención se limita a darlle aos contactos información sobre os síntomas e indicarlles que chamen a saúde pública se aparecen nos 7 días posteriores á exposición), ou “activa” (o mesmo, coa diferenza de que é saúde pública quen chama ao contacto cada día), e decidir se se lles recomenda ou non quimioprofilaxe.
- Ingresar aos casos posibles no hospital axeitado e restrinxir o número de visitas.
- Buscar activamente aos contactos secundarios identificados que non son doados de localizar.

Mais pola mesma natureza do exercicio, un simulacro, no que non é doado modular a efectividade das intervencións, asúmese que estas son plenamente efectivas, no senso de que, mentres non se especifique o contrario, chegan a todos os seus destinatarios teóricos, que as comprenden e cumpren axeitadamente. Só se incluíron no simulacro inefectividade e efectos relacionados co oseltamivir, porque dependen da frecuencia do seu consumo. Por outra banda, para equilibrar esta asunción de “efectividade plena”, asumíuse tamén a “nula interferencia informativa”, é dicir, que de non ter as intervencións a precisión axeitada (en medio, contido, tempo, espacio), non terían efecto ningún, por moi inverosímil que isto sexa na vida real, debido fundamentalmente ao clima informativo que acompañaría a unha situación como a simulada. Só no caso de Gill, por necesidades do guión, faltouse a unha das regras, a de efectividade plena, porque podería ser o único medio de chegar a ter casos secundarios.

Para poder desenvolver estas intervencións era preciso trasladar a dinámica da infección a relatos con personaxes concretos, que foron de dous tipos e con dous roles diferenciados. Por unha banda, fóra de dous personaxes colectivos, as excursións dos colexios Cocodrilos e Lisbon, o resto eran personaxes individuais; por outra, a meirande parte dos personaxes ou só serviron como referencia do relato no que interviñan, ou eran plenamente “extras”, e só unha pequena parte deles ían participar da infección. Esta circunstancia, como a maior parte dos eventos principais dos 10 relatos que conforman o simulacro (día de exposición, residencia dos casos, contactos máis íntimos, etc), estaban totalmente perfiladas ao inicio do simulacro (non o estaba, por exemplo o día que o caso acodiría ao centro de saúde). Só dúas personaxes tiñan o relato aberto, para ter marxe de manobra e poder dar lugar a unha transmisión persoa a persoa, son o caso de Oliver e a señora Wyatt, no relato de Gill<sup>4</sup>. No anexo 1 móstrase o calendario de eventos referidos aos diferentes personaxes principais do simulacro, e nos apéndices os correos cos seus relatos.

**Resultado do simulacro: o inicio.** O humidal H era fonte de infección dende un número indefinido de días antes do 25 de maio, como xa se comentou aquí, e nese día nel había autobuses e automóviles do Norte de Portugal e de Galicia, polo que cabería facer unha busca retrospectiva de expostos, tanto con carácter pasivo, nos medios de comunicación, como activo, nas empresas de viaxes e nos colexios. Ademais, pola devandita indefinición sobre o tempo que levaban morrendo as aves, cabería tamén facer unha busca retrospectiva de casos sen límite xeográfico, porque aínda que se atopan expostos nunca se podería saber se se atoparon todos. E tamén estaba Ornitológo, suceptible de vixilancia e quimioprofilaxe.

Diante desta situación o CRSPN e a DXSP respostaron de xeito ben diferente. O CRSPN estableceu unha busca retrospectiva (1 semana) e prospectiva de casos en todo o territorio, que detectou a presenza de Fotógrafo no hospital de Viana [correo do 30 de abril], puxo a Ornitológo e aos contactos de Fotógrafo en vixilancia activa diaria, mais non fixo ningunha busca de expostos (a nota de prensa informaba da situación, mais non dicía aos expostos que se puxesen en contacto con saúde pública para recibir instrucións). Pola contra, a DXSP fixo unha busca retrospectiva de expostos (dende o 10 ao 25 de abril), tanto activa (empresas de viaxes e escolas), que permitiu detectar as excursións dos colexios Cocodrilos e Lisbon [correo do 27 de abril], como pasiva, que permitiu detectar a Artemio [correo do 30 de abril]. Todos estes contactos do humidal: Ornitológo, os das excursións, e os relacionados con Artemio, foron postos en vixilancia activa diaria, ofreceuselhes quimioprofilaxe e solicitouselles que participasen nun estudo

---

<sup>4</sup> A idea orixinal era que polo accidental do contacto de Gill coa señora Wyatt, se poría a esta en vixilancia pasiva, e logo desenvolvería a enfermidade debido a un contacto posterior que Gill “esquecera” contar. Oliver estaba para cubrir a posibilidade de que á señora Wyatt se lle recomendase quimioprofilaxe, por iso se lle mandou ao monte sen saber aínda se sería el e non a señora Wyatt quen remataría por ter o contacto que Gill esqueceu. Finalmente, decidiuse facer da señora Wyatt o caso posible aínda cando tomou quimioprofilaxe (CRSPN), porque só a tomou 1 vez antes do comezo dos síntomas e principiuo con ela 4 días despois de ter un contacto moi estreito con Gill cando esta xa estaba enferma.




complementar<sup>5</sup>. Tamén se fixo unha busca retrospectiva (dende o 10 de abril) e prospectiva de casos que quedou limitada xeográficamente ás áreas onde residían os expostos detectados, que non abranguían a do Barco de Valdeorras, no hospital da cal ficaba ingresado Fotógrafo dende o 25 de abril. Ademais, como quera que esta situación non mudou, o 2 de maio había un clúster de casos de A/H5 entre os traballadores do hospital [correo do 3 de maio]<sup>6</sup>.

**Resultado do simulacro: os casos primarios.** A diferente resposta inicial dada polos participantes xenerou escenarios distintos. No caso do CRSPN, a busca de casos permitiu detectar tres casos posibles, dos que dous pasaron a probables, Mimí –do colexio Cocodrilos– e Gill [correos do 2 e 3 de maio, respectivamente], e un se descartou, Cecilia –do colexio Lisbon [correo do 3 de maio]. No caso da DXSP, a busca de expostos e a quimioprofilaxe que tomaban tería –baixo os supostos do simulacro– que impedir a aparición de casos posibles, mais se fixo enfermar a Aníbal [confirmado no correo do 4 de maio], fillo de Artemio, para mostrar un caso de inefectividade do oseltamivir, e a Gill [confirmado no correo do 3 de maio], como excepción da regra de efectividade plena para poder ter casos secundarios, como xa quedou dito antes.

Por outra banda, mantéñense as diferenzas na intensidade da busca de expostos aos casos probables entre o CRSPN e a DXSP, que volta a tomar a iniciativa; de feito, en Portugal Oliver, contacto de Gill, chama a saúde pública ao voltar da súa estadia no monte porque llo dixo o seu amigo Stuart [correo do 7 de maio], mentres en Galicia Oliver chamou e interrompeu a súa estadia no monte porque mirara na televisión que o andaban a buscar –mesmo o servizo de protección da natureza, da garda civil [correo do 4 de maio]. Compre salientar que a DSXP condiciona esta intervención a unha opinión positiva previa do comité ético-legal do Plan Galego de Preparación e Resposta á Pandemia de Gripe.

En canto ás visitas aos casos ingresados, cando foron preguntados o CRSPN e a DXSP deron respostas semellantes [correos do 4 de maio]: quedan restrinxidas a unha persoa que ten que levar EPI. Ademais, a visita ten que se por a EPI na presenza dun enfermeiro (CRSPN), e tomar quimioprofilaxe (DXSP).

**Resultado do simulacro: as persoas en vixilancia.** As diferentes abordaxes supuxeron, ademais de diferenzas na capacidade de detección, cargas de traballo diferentes, como se mostra na figura, na que se rexistra o número de persoas postas en vixilancia activa en cada un dos días do simulacro, polo CRSPN e pola DXSP. Aprecianse tamén diferenzas na duración da vixilancia activa diaria, e mentres o CRSPN a limita aos 7 días do período de incubación asumido, como recomenda a OMS, a DSXP a leva a 10 días por un problema no seu protocolo<sup>7</sup>.



<sup>5</sup> Que consiste en tomar dúas mostras de soro, a primeira aos 2-7 días da exposición e a segunda aos 15 días da mesma, para detectar transmisións que non se manifestaron clinicamente.

<sup>6</sup> Aínda que non estaba previsto ao inicio do simulacro, decidiuse informar indirectamente ás beiras do simulacro do que estaba a facer a outra que ela non facía. Deste xeito, a Galicia informouse do ingreso de Fotógrafo en Viana [correo do 2 de maio], e se fixo que a versión portuguesa de Artemio chamase a saúde pública, informado pola súa versión Galega do que a esta lle estaba a suceder. Mais ningunha destas informacións produciu ningún efecto aparente.

<sup>7</sup> Este protocolo distingue sen argumentar axeitadamente entre a vixilancia activa das persoas sen quimioprofilaxe, que dura 7 días, e a das persoas con quimioprofilaxe, que dura 10, o tempo recomendado de quimioprofilaxe, coa intención de recoller información sobre os efectos secundarios do fármaco.



**Resultado do simulacro: a quimioprofilaxe.** En xeral, sempre que se puxo a unha persoa en vixilancia activa, recomendóuselle quimioprofilaxe, non sendo en dúas situacións iniciais nas que o CRSPN puxo en vixilancia sen recomendaren quimioprofilaxe, foi a Ornitólogo e aos contactos secundarios de Fotógrafo, unha circunstancia esta última que como xa se comentou non experimentou Galicia. Polo demais, o criterio sempre foi o mesmo: aos contactos de fonte de infección (ás aves, primeiro, e aos casos posibles, despois) vixiábaselles activamente e recoméntadaselles a quimioprofilaxe, e aos contactos de persoas expostas a aves só se lles puxo en vixilancia pasiva, namentres as ditas persoas non pasaban a ser caso posible. Ora ben, aínda que o criterio xeral de recomendación foi o mesmo, o criterio temporal empregado polo CRSPN era máis estrito: só se recomendaba quimioprofilaxe cando non pasaran máis de 48 horas da exposición, e por iso non se lle recomendou a dous dos contactos de Mimí (VC1 e VC2); mentres a DXSP, atendendo a un comentario aparecido nun informe do ECDC<sup>8</sup>, a recomendou mentres non tivesen pasado 8 días da exposición.

Por outra banda, con tantas persoas con quimioprofilaxe, eran inevitables os efectos secundarios e os casos de inefectividade. De acordo coa ficha técnica do produto, durante os ensaios clínicos, comparados cos do grupo placebo, os efectos adversos do oseltamivir foron dun 5%, sendo os máis frecuentes as náuseas e os vómitos, mentres nunha revisión recente Halloran et al<sup>9</sup> estiman que a efectividade directa do oseltamivir fronte á enfermidade clínica confirmada microbioloxicamente é do 91% (IC<sub>95%</sub>: 62-98%) para evitar os síntomas, polo que cabería esperar que entre os que recibían quimioprofilaxe post exposición enfermaran o 10% (se todos fosen a enfermarse de non ter recibido a quimioprofilaxe). Sexa como fose, decidíuse incorporar ao simulacro só dous ou tres casos de reaccións adversas<sup>10</sup> e un de inefectividade (a señora Wyatt, no norte de Portugal; e Anibal, en Galicia), porque a intención era chamar a atención sobre estas posibilidades e saber que facer cando se presentan efectos secundarios fronte ao oseltamivir<sup>11</sup>. De feito, non foron idénticas as repostas aos efectos secundarios do oseltamivir: o CRSPN decidiu proseguir con tratamento sintomático e zanamivir, e a DXSP con tratamento sintomático e oseltamivir.

**Resultado do simulacro: o caso secundario.** Era intención do simulacro chegar a unha transmisión persoa a persoa para analizar 1) a resposta no contorno do caso probable, e 2) a resposta a unha situación radicalmente nova dende un punto de vista epidemiolóxico: a confirmación dunha probable transmisión persoa a persoa supón un virus “diferente” e semella esixir un cambio na estratexia de buscas de casos, xa que non sabemos que expostos ás aves quedaron sen detectar, logo enfermaron e pasaron desapercibidos porque non levan unha vida moi sociable (como Klidas, no relato que non foi incluído no simulacro) ou por a insensibilidade do sistema de detección de casos.

Nambas beiras do simulacro, a resposta foi semellante no contorno dos casos, aínda que o diferente comportamento na busca de contactos manifestouse tamén na busca dos contactos da señora Wyatt (familia Adams..). E tamén nambas as dúas beiras, non se lle deu unha resposta específica ao feito de que probablemente houbo xa un evento de transmisión persoa a persoa; é dicir, se a imposible historia de Klidas formase parte do simulacro, *chegaríase a un clúster de traballadores sanitarios aos 4-5 días do ingreso de Ottila no hospital, no que probablemente tamén tería ingresado algún membro da súa familia ou algún estudante da pousada* [correo do 9 de maio, último do simulacro]<sup>12</sup>.

<sup>8</sup> Report of the scientific panel on influenza in reply to eight questions concerning avian flu. Stockholm, June 2006.

<sup>9</sup> Halloran ME et al. Antiviral Effects on Influenza Viral Transmission and Pathogenicity: Observations from Household-based Trials. *Am J Epidemiol* 2006; 165: 212-221.

<sup>10</sup> No norte de Portugal, CC1 e CC4, do colexio Cocodrilos [correo do 7 de maio]; en Galicia, Mimí e Fátima do Colexio Cocodrilos, e Lux, do Lisbon [correo do 2 de maio]. O desaxuste temporal débese ao inicio máis tardío da quimioprofilaxe no norte de Portugal.

<sup>11</sup> Non se contemplou no simulacro a inefectividade fronte a transmisión, que por seren superior á observada fronte a enfermidade, suxire que hai casos que transmiten e non mostran síntomas [63% (IC: 34-80%) *versus* 91% (62-98%)].

<sup>12</sup> Noutro eido de cousas, a señora Wyatt infectouse na mañán que pasou con Gill, e non no contacto superficial que tiveron no restaurante Inglaterra, e se fixo deste xeito para lembrar que son numerosos os motivos polos que poden pasar desapercibidos os contactos dos casos, aquí por un esquecerse voluntariamente, e que hai que tentar de ser máis perspicaz que Apuntador, que foi incapaz de averiguar a relación entre Gill e señora Wyatt. Curiosamente isto pouco cambiou a cousa na versión do norte de Portugal, porque lle recomendaron quimioprofilaxe, polo que o seu caso é o exemplo de inefectividade, mais esta amizade podería tela Gill con calquera outra persoa.



**Resultado do simulacro: dúas observacións adicionais.** Aínda que cando se puido iniciar a busca de contactos de Mimí acabaran de pasar 7 días da súa exposición ás aves en H, o CRSPN non fixo –ou non escribiu– ningún intento por constatar que o resto de nenos que acompañaran a Mimí ao humidal non desenvolveran síntomas compatibles coa gripe A/H5. En Galicia non se deu unha situación equivalente, como non se deu no norte de Portugal a que é obxecto da outra observación: A DXSP non fixo –ou non escribiu– ningún comentario sobre o tipo de quimioprofilaxe que recomendarían aos contactos de Anibal que compartiron con el a exposición no humidal H e vivían con el no mesmo domicilio (Artemio, Laura, Xesús e Valentina); en concreto, semella que o oseltamivir que xa estaban a recibir como contactos de H asimilouse á quimioprofilaxe preexposición (de feito remataban no mesmo día, 5 días máis alá do último contacto con Anibal), mais non se comenta se é esta a razón de por que non se amplia 10 días máis a quimioprofilaxe.

**Comentario ao simulacro.** Detectáronse numerosos erros no simulacro, imputables a súa conceptualización, que confundiron aos participantes. Os máis salientables son:

- a) O emprego de datas reais e non ficticias, que necesariamente incorporaba discrepancias entre a data do correo e a data dos feitos simulados, feito que inevitablemente leva a confusión. Isto pódese corregir empregando datas ficticias que serían a mesma nos correos e nas mensaxes, e semella que o atraso de tempo que isto supón respecto a empregar datas reais queda máis que compensado pola gañancia en comprensión.
- b) O descuido na elaboración das mensaxes, debido en grande medida a que os relatos, aínda que estaban desenvolvidos esquemáticamente, non estaban escritos ao comezo do simulacro. Isto podería solucionarse tendo completamente escritos antes do simulacro relatos e mensaxes, e limitar a confección diaria de mensaxes a trasladar a días posteriores o que non poda ocorrer cando estaba previsto. Isto permitiría tamén unha corrección máis pausada, que se traduciría en menos erros caligráficos e maior claridade.
- c) A metodoloxía non se transmitiu axeitadamente aos participantes; en concreto, non quedou claro dabondo que se esperaba deles.

**Comentario aos resultados do simulacro.** Quizais o máis salientable dos resultados do simulacro sexa a diferenza nos camiños que se tomaron nambas as dúas beiras do mesmo, que puxo de manifesto a importancia das medidas iniciais no percorrer da situación. De feito, de se revisar as medidas tomadas no primeiro día, o resultado do simulacro sería diferente, xa que se esgotarían todos os camiños previstos para os casos posibles, non sendo os que lle eran especificamente necesarios ao simulacro: o que ilustra que a quimioprofilaxe pode ser inefectiva, e o que levaba á transmisión interhumana. Curiosamente, isto ocorrería se unha beira do simulacro lle preguntase á outra que estaban a facer, ou, simplemente, llo dixera (como de feito ocorreu no simulacro coa información sobre Fotógrafo e a chamada de Artemio).

E do comezo ao remate, á resposta que se lle deu ao caso da señora Wyatt. Semella que os documentos de traballo do CRSPN e da DXSP non contemplan a posibilidade de que un abrocho de gripe A/H5 de orixe aviar se poda transformar noutro con transmisión interhumana, xa que unha vez cando ocorreu nada se fixo por detectar transmisións interhumanas que puidesen ter pasado desapercibidas.

**Consecuencias do simulacro.** As consecuencias do simulacro son necesariamente as áreas de mellora que se identificaron. En concreto, a DXSP detectou as seguintes:

- Indicar claramente no documento de traballo que cando non se coñeza exactamente quen estivo exposto ás aves infectadas, a área de busca de casos é toda Galicia.
- Eliminar as ambigüedades que hai, como as da duración de certos períodos –a vixilancia activa diaria e o de seguimento dos efectos secundarios dos antivirais– e a que induce o distinguo entre período de transmisibilidade e período para o control da transmisión.
- Definir con máis precisión quen e como lle achega a quimioprofilaxe a quen a ten indicada.
- Detallar en que consiste o estudo complementar: datas de toma de mostras, criterio para priorizar os contactos estudados cando son moitos os dispostos a participar, e cuestións loxísticas: quen e onde se toman as mostras.



- Indicar que se fai nos casos de efectos adversos aos antivirais.
- Indicar como se trata a quimioprofilaxe dos contactos primarios que xa están a tomala e pasan a contactos secundarios.
- Indicar como se tería que reaccionar de aparecer un caso de probable transmisión interhumana, e mesmo tamén de aparecer un clúster a partir dun caso que non se detectou.

E o CRSPN, as seguintes:

- O Plano de Contingência Regional não prevê a forma de activação do mesmo. Necesidade de definir linha de comando.
- Información foi difundida sem instruções, que causou grandes diferenças nas actuações, desde ultrapasar largamente as suas competências até não agir. Necesidade de elaborar fluxogramas de comunicação.
- Não está claramente definido nas normas qual o tipo de vigilância a fazer nos casos com a mesma história epidemiológica mas sem contacto com o Caso Posível.
- Definição de Contactos Próximos em populações institucionalizadas (p.e. escolas), para definir população alvo de vigilância de contactos próximos: É toda a escola? Apenas a turma? Os que contactam na cantina?
- Início de quimioprofilaxia – se já passaram ou não 48h sobre o último contacto com o caso (alarme social como pressão para a utilização).
- Utilização de Zanamivir em pessoas com contra-indicação para a toma do Oseltamivir como quimioprofilaxia a pesar de não previsto nas GAH nacionais.
- Necesário ter tido em atenção as idades dos contactos próximos no Caso Mimi.
- Necesário ter tido em atenção a historia epidemiológica da Família Artemio, nomeadamente os contactos na Galiza.
- Dificuldade de definir a intervenção das Autoridades de saúde na imposição de medidas de quarentena domiciliária e/ou institucional.



**ANEXO 1:**

**Principais acontecementos previstos no simulacro en función das intervencións de control**

Día	abril							maio							Hospital														
	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14				
Fotógrafo																											O Barco	Viana	
Ornitólogo																												Santiago	Porto
Cocodrilos-Mimí																												Burela	Chaves
Cocodrilos-Fátima																												Burela	Chaves
Lisbon:Lux/Celina																												Vigo-Cies	Porto
Aníbal																												Barbanza	Guimaraes
Gill																												Santiago	Porto
Wyatt/Oliver																												Santiago	Matosinhos
Otlla																												Lugo	Guimaraes

Clave

- b Busca retrospectiva de casos
- Ⓝ Non hai busca retrospectiva de casos
- Q Vixilancia activa e quimioprofilaxe
- Q Inefectividade
- P Vixilancia pasiva
- a Busca de expostos
- a Non hai busca de expostos
- c Busca prospectiva de casos
- e Non hai busca prospectiva de casos
- Exposición
- Data de inicio dos síntomas
- Efecto secundario do oseltamivir
- Data de ingreso no hospital
- Cluster de casos
- Remata a súa presenza no simulacro

**Nota:** Se non se buscan os contactos dos casos probables, a situación evolucionará como cando non hai busca de casos nen de expostos; e, cando se buscan os contantos, póñense en vixilancia e non se lles da quimioprofilaxe, algún dos contactos pode enfermarse.



## APÉNDICE:

### CORREOS ELECTRÓNICOS DE APUNTADOR Á DXSP E AO CRSPN

*Aqui onde o mar se acaba e a terra principia*  
José Saramago, O Ano da Morte de Ricardo Reis

#### Correo do 26 de abril á DXSP e ao CRSPN

Acabamos de recibir (hoxe, 26 de abril) un comunicado urxente da Consellería do Medio Rural no que se nos informa de que no humidal H hai unha gran mortandade de aves silvestres, con clara sospeita de que se deba a gripe aviaria A(H5/N1) ou a outra cepa altamente patóxena do virus da gripe. A dita consellería foi avisada ás 19 horas de onte, 25 de abril, por unha persoa afeccionada á ornitología que cada 15 días visita o humidal. Esta persoa dixo tamén que mentres estivo alí (chegou ás 16 horas) puido avistar máis de un cohe (algúns con “matrícula do norte de Portugal” e outros con “matrícula da Galiza”) e un par de autobuses (un dunha compañía do norte de Portugal e o outro dunha compañía galega). Polo demais, non hai aves de curral nin viven persoas nun radio de polo menos 5 Km do humidal, que recibe poucas visitas, as máis delas os días feriados, aínda que non é raro que –especialmente en primavera– ata el se acheguen excursións escolares coa finalidade de que os nenos se vaian familiarizando coa natureza.

Polo de agora nada máis. Cando teñamos algunha nova máis vola comunicaremos. Un saúdo, Apuntador.



#### Correo do 27 de abril á DXSP

Información previa. A partir de agora poderán ir aparecendo distintos personaxes que será preciso identificar, e para identificalos dareille nomes, que serán de tres tipos: 1) cando haxa unha característica pola que se podan identificar, empregarei a dita característica–por exemplo, o ornitólogo levará de nome Ornitólogo; 2) se non é doado identificalos por unha característica, daráselle un nome calquera que aparecerá como tal; e 3) se non están individualizadas na narración daráselle un nome en código cunha clave parcialmente alusiva–por exemplo, se o ornitólogo ten un amigo e unha amiga, estes levarán os nomes de AO1 e AO2.

Información previa. Todo o que teña que ver con Medio rural, en concreto o control das persoas implicadas no saneamento do foco, quedan excluídos do simulacro. Asumimos que todo funciona axeitadamente.

Solicitude de información. Preciso que me indiques moi brevemente os contidos das notas en prensa, e que me indiques, tamén brevemente, como se fai (o medio empregado e os destinatarios máis concretos, fundamentalmente) e qué ámbito xeográfico ten a busca de casos prevalentes, e como se establece a vixilancia epidemiolóxica (o medio, fundamentalmente) e cal é a definición de caso empregada.

#### **Simulación:**

Estimados colegas:

A Consellería do Medio Rural comunicounos onte (26 de abril) ás 21 horas que as mostras tomadas das aves do humidal H son positivas para A/H5, e que non se observou ningún indicio de que haxa casos en aves noutros humidais ou currais de Galiza, nin tampouco do norte de Portugal, segun lle informou o Ministerio de Medio Rural Portugués. Tamén nos informaron de que, pola súa cantidade e polo estado en que atoparon algúns corpos, é probable que as aves levasen xa algúns días morrendo no humidal.

Por outra banda, o ornitólogo (de nome “Ornitólogo), que vive en Coruña coa súa muller (de nome MO1) e os seus dous fillos (de nome FO1 e FO2), e traballa en Carballo (é profesor de bioloxía no Instituto Paxaros, un instituto que conta con 450 alumnos, 60 profesores e 9 persoas que fan labores alleas á docencia), informou de que ao humidal acodiu só, e que alí só estivo coas persoas que enviou a Consellería de Medio Rural. Ademais, recibíronse as respostas de todas as empresas de transporte, menos de dúas (as empresas Castro e MIL), e do 60% dos colexios, feito que produciu un atasco importate nos faxes de saúde pública. Destas respostas compre salientar as seguintes:



A empresa “Mon” informa que o día 23 de abril pasado levou a 47 rapaces do colexio Cocodrilos, de Viveiro, de excursión ao humidal H, onde pasaron case que todo o día. Polo serán voltaron a Viveiro. Da empresa só foi o condutor do autobús (de nome CC1). Outra empresa, “BUS”, informa que o 24 de abril levaron a Santiago a 34 alumnos do Instituto Lisbon, de Redondela, con dous profesores. Os alumnos pasaron a noite no Hotel “Trip” e o día seguinte, 25 de abril, pasárono visitando Santiago, menos 5 alumnas que co condutor do autobús (CL1) se achegaron ao humidal H. Alí pasaron o día, e despois recolleron aos compañeros en Santiago e voltaron a Redondela.

Recíbíuse tamén a contestación destes colexio e instituto, que foron as únicas que dicían que viaxaran ao humidal. Postos en contacto co colexio Cocodrilos, confirmaron a información proporcionada pola empresa de viaxes e informaron tamén que os alumnos eran das aulas 4ªA, 4ªB e 4ªC, e os acompañaba cadansúa mestra: Fátima, da aula A, da que viaxaron 14 dos 19 alumnos que ten; Celina, da aula B, da que viaxaron 16 dos 19 alumnos que ten; e Simone, da aula C, da que viaxaron 17 dos 20 alumnos que ten. Polo demais, o colexio conta com 28 aulas, 301 alumnos, 30 mestres e 5 persoas que fan labores alleas á docencia.

Pola súa banda, o Instituto Lisbon tamén confirmou a información recibida da empresa, e precisou que se achegaron ao humidal porque as alumnas de intercambio (Lux, Bonnie, e Therese) xa coñecían Santiago e tiñan interés nel. As outras alumnas (Cecilia e María) foron de acompañantes. Este instituto ten 500 alumnos, 70 profesores e 10 persoas que fan labores alleas á docencia.

A última horta da tarde do 26 de abril, a Asociación Amigos dos Humidais informou que, polo que eles saben, ninguén dos socios que adoita ir foi polo humidal H nesas datas, e que tardaron tanto en comunicalo porque o comprobaran telefónicamente cos interesados.

Polo de agora nada máis. Ata o luns. Un saúdo, Apuntador.

#### Correo do 30 de abril á DXSP

Solicitude de información. Indicar moi brevemente en que consiste o estudo complementar que lles propón aos contactos.

##### Simulación:

Estimados colegas:

Finalmente puidose comprobar que nos días de interese non viaxaron ao humidal H nin as empresas nin os colexios que aínda non respostaran. Tamén chamou hoxe, 27 de abril, Artemio, para comunicar que el e a súa familia, aproveitando que o 25 de abril era festivo tanto en Portugal como en Corcubión, reuníronse no humidal H con outra familia, que reside en Guimaraes, e alí pasaron dende as 11 ás 18 horas, para logo voltar a candaseu domicilio. A súa familia compóñena a súa muller, Laura, e tres fillos, Xesús, de 10 anos, Aníbal, de 8 e Valentina, de 6. O home ten unha moblería en Corcubión (Mobles Cruz), onde traballa un empregado, Fermín, e a muller é a encargada da carnicería do Supermercado Diaz, tamén de Corcubión, onde traballa con Ana e Fernando. Os seus fillos acoden todos ao Colexio “As Fontes”, do seu concello, e cursan 5º, 3º e 1º de primaria. O colexio conta con 13 aulas, 199 alumnos, 15 mestres e 3 persoas que fan labores alleas á docencia. Os seus amigos xa se puxeron en contacto coa saúde pública do norte de Portugal.

Por outra banda, o 061 pasounos cun mozo do pobo X, Pedro, que adoita sair case que todos os días a dar unha volta en bicicleta con dous amigos máis, Miguel e Lucas, e que uns días –os máis– van cara o norte, ao páramo, e outros, poucos, ao sur, ao humidal. Sabe seguro que os pasados sábado e martes, 20 e 24 de abril, foron ao humidal e, como sempre, deitáronse nel a descansar un rato. Non está seguro se tamén foron o luns ou o martes da semana anterior.

Polo de agora nada máis. Ata o mércores. Un saúdo, Apuntador.

#### Correo do 2 de maio á DXSP

Solicitude de información. Indicar com máis detalle en que consiste o estudo complementar, sobre todo con cantas persoas abundaría e cales serían as preferidas se todo o mundo aceptase participar .

##### Simulación:

Estimados colegas:

O día 30 de abril, ás 16 horas da Galiza, Portugal informa de que na UCI do Hospital de Viana do Castelo está ingresada unha persoa, F., cum cadro respiratorio agudo grave compatible cunha gripe, que o día 20 de abril estivo no humidal H. O doente non tivo contacto estreito con ninguén na Glaiza, foi ao humidal por casualidade, “para fuxir da realidade”. Xa se enviaron as mostras respiratorias ao laboratorio de referencia. Esperase o



resultado en 24 horas. Tamén o 30 de abril, as 14 horas, chamou o pai de Mimí, alumna da clase A do Colexio Cocodrilos de Viveiro, para informar de que a súa filla levaba vomitando toda a mañá (en realidade son máis náuseas que vómitos, pero se atopa mal).

O día 1 de maio, ás 18 horas, chamaron do Centro de Saúde Ao Outro lado do Sar, de Santiago de Compostela, para preguntar que facían con Gill, unha muller de 29 anos que tiña febre e túsia moito (a febre e a tose comezáranlle o 29 de abril polo serán), e que o 25 de abril estivera no humidal H. Ademais, ese mesmo 1 de maio, tamén chamou Fátima, profesora en Cocodrilos, de Viveiro, informando de que non se atopaba ben, de que tiña ganas contínuas (dende que erguera ás 10 horas, ata quen chamou, ás 18 horas) de vomitar. Un comentario que lembraba ao que fixo Lux, do colexio Lisbon, cando foi chamada pola vixilancia activa ás 14 horas do 1 de maio: “atópome mal, quero vimtar, mais non consigo facelo”.

Polo de agora nada máis. Ata mañán. Un saúdo, Apuntador.

### Correo do 3 de maio á DXSP

Comentario previo. Ao deseñar o simulacro decidín os eventos principais (día de exposición, residencia dos casos, contactos máis íntimos, etc) e me impuxen dúas regras: a) que as instrucións impartidas eran plenamente eficaces no senso de que chegaban aos destinatarios e que estes as comprendían axeitadamente, non sendo que se especificase o contrario (como ocorrerá hoxe con Oliver); e, como compensación do exterior, b) que de non se dar as instrucións coa precisión axeitada (en medio, contido, tempo, espazo), non terían efecto ningún, por moi inverosímil que isto sexa na vida real, debido fundamentalmente ao barullo informativo que acompañaría a unha situación como a simulada. Isto ven a conto porque unha das persoaxes, Fotógrafo, dal cal vos xunto despois o seu relato, estivera exposto ao humidal H o 20 de abril e o 25 xa estaba na UCI do hospital do Barco. A instrución que se emitíu de busca retrospectiva de casos era axeitada no tempo (incluía o día da exposición), mais non o era no espazo, xa que según eu entendín quedou limitada (primeiro a unha área, que despois se ampliou), e non abranguía a zona do Barco. O simulacro seguiría polos camiños seguintes: a) se o caso fose detectado, habería unha PCR negativa para A/H5 e positiva para A/H3 (como o comunicado que recibides de Portugal sobre F -de fotógrafo); ou b) se o caso non é detectado, como ocorreu, o 29 de abril a muller do fotógrafo comezaría cos primeiros síntomas e ingresaría ao día seguinte, o 30 de abril, día no que comezaría cos primeiros síntomas un membro do persoal sanitario que atendera a F na planta, e o 1 de maio principiarían cos síntomas outra persoa máis da planta e unha da UCI. Nese día decatáranse de que algo raro estaba a pasar e o notifican espontaneamente. Evidentemente, semella que este último sería un camiño difícil nun entorno informativo real, mais consideri oportuno continuar aplicando as regras que lle impuxen ao simulacro. (Por outra banda, este camiño lembra inevitablemente á SRAS, mais non se me ocorreu outro, aínda que o que ocorreu en 2006 no norte de Sumatra é moi semellante no tempo, mais sen dúbida ocorreu nunhas condicións moi diferentes.) Sexa como fose, péchase esta liña do simulacro (a do fotógrafo), porque xa cumpríu o seu cometido.

Disculpa de apuntador. No correo de onte non engadín o relato de Gill. Vai no de hoxe.

#### Simulación:

Estimados colegas:

O hospital do Meixoiro informou onte, 2 de maio, de que as mostras de Gill eran RT-PCR positivas para A/H5. Ademais, coa vixilancia activa diaria averiguouse, as 16 horas do día 2 de maio, que Aníbal, o fillo de Artemio e Laura, comezou a ter febre e xa estaba a túsir, a pesares de que nunca abandonou a quimioprofilaxe.

Pola súa banda, Portugal informa que o caso posible, F, quedou descartado: RT-PCR positivo para A/H3 e negativo para A/H5.

Relato sobre Gill. Gill (Guillian) é unha muller de 29 anos, que vive en Santiago de Compostela e traballa na librería Consolatione Pecuniae dese concello, aínda que dende o 7 de abril está de baixa por que lle veñen de diagnosticar un cancro de mama. Vive co se home, Stuart, de 32 anos, que traballa na sucursal do Barne's Bank en Lousame, e o 25 de abril –aproveitando o festivo local– pasárono no humidal H; un día máis ben triste. Os días seguintes pasounos na casa, acompañada só polo seu home, ata o domingo, 29 de abril, que recibiron a visita dun amigo da parella, Oliver, co que foron a xantar ao Restaurante Inglaterra na mesma Comportela. No restaurante, no que só había dous comensais máis (Jack Pitman e Martha Cochran), cos que estiveron a falar un rato porque eran coñecidos, foron atendidos pola mesmísima señora Wyatt, mais nel estiveron pouco tempo porque Gill axiña quixo voltar a casa. Nese mesmo día, polo serán (as 20 horas), comezou coa febre e a tose, a ao día seguinte non ergueu da cama ata que Stuart voltou do traballo e a levou ao Centro de Saúde. No centro compartiu sala de espera con dúas persoas (PG1 e PG2), segundo informa o médico que a atendeu (MG1), que neses intres era o único persoal que se atopaba no centro.



Por outra banda, Stuart informa que no banco, onde reciben unhas 20 persoas diarias, traballa con tres compañeiros (BG1, BG2 e BG3), e que o seu amigo Oliver emprendeu o domingo unha das súas habituais “fuxidas ao monte” (vai só, sen teléfono móbil, de pobo en pobo) e, aínda que adoita facelo, desta volta non lles comentou por onde tiña pensado ir.

Polo de agora nada máis. Ata mañán. Un saúdo, Apuntador.

P.S. O relato do fotógrafo. Trátase dun varón de 67 anos, xubilado e moi aficionado a fotografar paisaxes. O día 19 de abril partiu dende O Barco, onde reside, coa súa muller (DF1) cara o pobo de X, na Galiza, porque lle quería quitar unhas fotos ao seu afamado humidal, H, que se atopa a 7 Km. Chegaron a X polo serán e ás 21 horas cearon no Restaurante Kertés, antes de retirarse a descansar na pousada Sander. Ao día seguinte, 20 de abril, o fotógrafo pasouno no humidal, no que se deitou para mellor quitar as fotografías e para descansar, mentres a súa muller quedaba no pobo de X. Pola noite repetiron no mesmo restaurante e ao día seguinte, 21 de abril, voltaron á súa casa, a onde chegaron ás 21 horas, despois de parar a comer en Tui, ás 14 horas nun restaurante do que non lembran o nome nin tampouco saben describir onde queda, e visitar despois a uns amigos (AF1 e AF2) en Pontearreas, cos que pasaron toda a tarde.

As 11 horas da mañá seguinte, a do 22 de abril, foron á misa da súa parroquia e ao saír quedáronse uns intres a departir cun grupo de amigos (AF3, AF4 e AF5), antes de voltar á súa casa para xantar coa familia, composta por un fillo e dous netos (FF1, NF1 e NF2). Pola noite dese mesmo día, a iso das 21 horas, foi cear con 4 amigos (AF6, AF7, AF8 e AF9) ao Restaurante Man-Ray, que tiña outras tres mesas ocupadas, onde lles atendeu o camareiro de sempre (CF1), mais antes de chegar ao restaurante o fotógrafo parou na veciña Taberna de Capa onde, dende as 17 horas en que chegou, estivo a falr co dono e dous clientes máis (AF10 e outro que non coñecía).

Despois da cea, marchou a súa casa, deitouse e pasou unha mala noite, non pola lamprea que ceara, foi pola tose que non o deixaba durmir. Pola mañán do día 23 ergueuse canso, algo febril e tusindo. A pesares diso, antes de almorzar baixou a mercar o xornal ao kiosko de Roberto Doisneau. Xa de volta na súa casa, pouco comeu e a iso das 16 horas dirixíuse ao médico de primaria (MF1) do centro de saúde máis próximo ao seu domicilio (Centro de Saúde-1), en busca dun remedio para a tose. Como quera que había unhas 6 persoas esperando, MF1 atedeu ao fotógrafo 1 hora e media despois de que chegase ao centro de saúde, e lle diagnosticou unha síndrome gripal e lle recomendou un tratamento sintomático, que mercou na botica de T. Frima de camiño para a súa casa.

Ao chegar a casa, o fotógrafo deitouse na cama, mais non foi quen de descansar, e a iso das 2 horas do día 24, a súa muller levouno a urxencias do Hospital do Barco. Alí estivo 1 hora, con outros tres doentes e os seus acompañantes, antes de que o ingresasen nunha habitación dobre co diagnóstico de pneumonía. O día 25 o seu estado empeorou e foi ingresado na unidade de cuidados intensivos.

#### Correo do 4 de maio á DXSP

Solicitude de información. Supoño que porque me esquecín de dicir que Aníbal acadíu ao colexio pola mañán, como o resto dos 20 alumnos da súa aula, e non estaba tan mal que puido xogar ao fútbol durante o recreo, non se indican cales son os contactos tipo 3 relacionados con el. Cales son, pois?

#### Simulación:

Estimados colegas:

O hospital do Meixoiro informou onte, 3 de maio, de que as mostras de Anibal eran RT-PCR positivas para A/H5, e os seus pais preguntan quen poderá visitar ao neno, que vai pasar tantos días ingresado. Ademais, ao 061 chamoulle Oliver, que se mirara na TV; estaba bastante asustado, mais se atopaba perfectamente. Quere saber que ten que facer, e se podería ir a visitar a Gill, xa que volta a Santiago (“se me deixan!”, disque dixo).

Acábase de recibir do MSC unha mensaxe da OMS na que solicita que ao remate do abrocho se lle informe de cantas persoas estiveron, día a día, en vixilancia activa diaria, quen as chamou e a que hora o fixo.

Polo de agora nada máis. Ata o luns. Un saúdo, Apuntador.

#### Correo do 7 de maio á DXSP

#### Simulación:

Estimados colegas:

O sábado 5 de maio, ás 20 horas, seguindo as instrucións que lle deron como contacto de Gill, a señora Wyatt chamou a saúde pública para informar de que tiña febre e confirmar o que dixera Gill, que fora atendida por ela



o pasado domingo 29 de maio cando comeu no seu restaurante. Mais o epidemiólogo ficou sorprendido, porque coñecía o relato que Gill fixera dese encontro: “sudáronse cun xesto, non cruzaron palabra, e as separaba unha mesa (cabeceira fronte cabeceira) que non é pequena (ten máis de 1’5 metros de longo)”; e esta sorpresa comunicoulla á señora Wyatt: “aínda que non se sabe de certo, pénsase que é preciso un contacto moito máis estreito para que se produza o contaxio”. Esta, con certa inqueda na voz, replicoulle que quizais Gill se esquecerá de que o luns 30 se achegara á súa casa e que alí pasara boa parte da mañán. A señora Wyatt informou tamén de que na última semana –do 29 de abril ao 5 de maio– levou unha vida moi regular: non sendo para ir visitar a Gill, limitouse a ir da casa ao restaurante, a onde adoita chegar preto das 11 horas e marchar ás 24 horas. No restaurante encárgase da dirección, e só en contadas ocasións atende algunha mesa, como fixo con Gil. Lembra por exemplo que hoxe mesmo –aínda non se atopaba mal– atendeu a unha familia amiga, os Adams, e o mércores a Mr Ansar e o seu séquito. No restaurante traballan 1 cociñeiro (XA), un camareiro (AO) e un empregado que axuda tanto a servir como na cociña (CR); e o normal nestes días e que acodan entre 15-20 persoas a xantar e outras tantas a cear. As fins de semana acode algunha máis, e non teñen xeito de identificalas. Para rematar, a señora Wyatt confirma que non acodiu a H na súa vida.

Domingo 6 de maio. PCR positiva para A/H5 nas mostras tomadas á señora Wyatt.

Polo de agora nada máis. Ata mañán. Un saúdo, Apuntador.

### Correo do 8 de maio, penúltimo á DXSP

#### Simulación:

Estimados colegas:

A señora Wyatt non ten ningún contacto con animias, é verdadeiramente zoofoba. Por certo, como se van localizar os posibles contactos tipo 3 da señora Wyatt?

Por outra banda, para preparar axeitadamente o documento resumo do simulacro, precisaría que o vindeiro xoves, á hora habitual, me enviasedes un pequeno informe co resumo da vaixilancia activa que vos comentara nun correo anterior, coa avaliación da quimioprofilaxe e co estudo complementar, mais neste último caso indicando só uha escala de prioridade (a quen se lle faría antes e a quen despois), como se tivéchedes limitado o número de mostras a estudar. E para o luns da semana que ven, precisaría tamén un informe sobre o simulacro mesmo: utilidde (reflexada, por exemplo, nas melloras ao protocolo), fallos (por se se quixese repetir unha experiencia semellante), unha valoración glogal, e o que vos entendades que é interesante para quedar reflectido no informe final do simulacro.

Polo de agora nada máis. Ata mañán. Un saúdo, Apuntador.

### Correo do 9 de maio, último á DXSP

Estimados colegas:

Ata aquí chegou o simulacro –agora só queda intercambiar algúns correos sobre el– e a miña participación, mais non sei como despedirme, ata sempre? ata outra? ata nunca? Sexa como fose, como quedou escrito noutro lugar, “Aquí acaba a mar e comeza a terra”. Déixovos coa imposible historia de Klidas.

Un saúdo, Apuntador.

**A imposible historia de Klidas.** Klidas era un home de 70 anos, gardabosques retirado, que vivía só nunha casa a 1 Km da aldea K, do concello de Trabada. Era un home fosco, que fuxía da relación coa xente, e dende logo non se falaba cos veciños de K (del que dicían que era unha condea ter que tratalo). Era ademais moi frugal (“un artista da fame”-outra vez os veciños), e lle chegaba dabondo con ir cada 15 días a por provisións a Ribadeo. Un dos seus poucos amigos era Max, co que coincidira cando traballaban ambos na vila de X, Max como médico rural e Klidas como garda no humidal H. O día 24 Klidas foi a X a visitar a Max, e pasou todo o día con el. Pasou a noite na Pousada O Castelo, de X, e o 25, antes de voltar á súa casa en K pasou polo humidal H, e observou todo o estrago que fixo o paso do tempo (se ata había un feixe de paxaros mortos! – pensou).

Ese mesmo día 25 estaba xa na súa casa de K, e dende entón ata cando morreu só recibiu unha visita, a da súa irmá Ottla, que se achegou a K o día 30 de abril pola noite para pasar o día festivo con Klidas, como facía cada mes, mais ou menos. E como sempre facían, falaron do pasado, da situación da familia e pouco máis; das cousas do mundo, ben o sabía Ottla, Klidas nada quería saber: nen TV, nen radio, nen xornais, mesmo sen teléfono. Pola noite dese 1º de maio, Ottla marchou á súa casa en Pontevedra.



Cando o deixou Ottla, Klidas estaba mal, tiña algo de febre e pasara o día tusindo. Decidiu tomar algo para a febre e o xarabe para a tos. Ora ben, estes remedios, que algo lle fixeron o día 2, xa non lle arranxaron nada o día 3, e se atopaba tan mal que decidiu acudir ao médico ao día seguinte. Mais, pola noite, a infección, xunto á enfermidade pulmonar crónica que padecía, lle probocou unha insuficiencia respiratoria que o lovou ao coma e, finalmente, á morte na madrugada do día 4 de maio. A día de hoxe ninguén se decatou aínda da súa falta.

Pola súa banda, Ottla chegou o mesmo 1 de maio a Pontevedra, onde rexentaba a Pousada Daguerre, no número 17 da rúa IP. Alí vivía cos estudantes que paraban na pousada e co seu fillo, JR, a súa nora, Dora, e os seus netos (ALA, JE, JB e CF). O día 7 de maio Ottla comezou a sentirse cansa e con algo de febre, e o 9 de maio empeorara tanto que acodiu ao centro de saúde do barrio do Corvo. Alí a atendeu o seu médico (SL), que seguindo as intrucións que lle chegaran de saúde pública ...

a)... lle preguntou se nos 7 días previos ao comezo dos síntomas – ou, mellor, se nalgún momento do último mes – acaodira ao humidal H ou tivera contacto con aves. Como quera que Ottla respostou negativamente a ambas preguntas, recomendou o seu ingreso no hospital de Pontevedra, co diagnóstico de pneumonía adquirida na comunidade e sen ningunha precaución especial.

b)... lle preguntou se nos 7 días previos ao comezo dos síntomas tivera contacto con algunha persoa que tivese uns síntomas semellantes aos dela (en xeral, febre, tose ou dificultade para respirar). Como quera que Ottla respostou positivamente á pregunta, lembrando o estado de Klidas na última visita, chamou a saúde pública que recomendou o seu ingreso no hospital Pontevedra, co diagnóstico de pneumonía adquirida na comunidade, mais seguindo as precaucións propias dos casos posibles de gripe A/H5, na espera de poder entrevistar a Klidas.

De seguir o simulacro, polo sendeiro a) chegaríase a un clúster de traballadores sanitarios aos 4-5 días do ingreso de Ottla no hospital, no que probablenete tamén ingresaría algún membro da súa familia ou algún estudante da pousada. Pola contra, polo sendeiro b) coñeceríamos os nomes dos estudandes que hospedaba Ottla, e das amigas íntimas desta, coas que pasaba máis de dúas horas diarias (Valli e Elli, probablemente), e o número de persoas que había e o tempo que pasou no centro de saúde antes de ser atendida por SL.

Mais todo isto é outra historia.



## Correo do 27 de abril ao CRSPN

Información prévia. A partires de agora poderán ir aparecendo distintas personaxes que será preciso identificar, e para facelo poreille nomes, que serán de tres tipos: 1) cando haxa unha característica pola que se podan identificar, empregarei a dita característica para nomealos –por exemplo, o ornitólogo levará de nome “Ornitólogo”; 2) se non é doado identificalos por unha característica, poreille un nome calquera que aparecerá como tal; e 3) se non están individualizados na narración poreille un nome en código cunha clave parcialmente alusiva –por exemplo, se o ornitólogo ten un amigo e unha amiga, estes levarán os nomes de AO1 e AO2.

Solicitude de información. Preciso que se resume moi sumariamente o contido da nota de prensa e as instrucións que teñen que dar os *adjuntos* distritais aos concells.

### Simulación:

Estimados colegas:

A Consellería do Medio Rural comunicounos onte (26 de abril) ás 21 horas que as mostras tomadas das aves do humidal H (que non ten rexistro de visitas) son positivas para A/H5, e que non observou ningún sinal de que haxa casos en aves noutros humidais ou currais de Galiza, nin tampouco no norte de Portugal, segundo informou o *Ministerio de Agricultura, Desenvolvemento Rural e das Pescas*. Tamén nos informaron de que, pola súa cantidade e polo estado en que atoparon algúns corpos, é probabel que as aves levasen xa días morrendo no humidal.

Por outra banda, o ornitólogo (de nome “Ornitólogo”) dixo que ao humidal acodiu só, e que alí só estivo coas persoas que enviou a Consellería de Medio Rural. Ornitólogo vive en Famalicão coa súa muller (de nome MO1) e os seus dous fillos (de nome FO1 e FO2), e traballa de profesor de bioloxía na *escola secundária* Paxaros, en Porto, unha escola que conta con 450 alumnos, 60 profesores e 9 persoas alleas á docencia. Saíu da Galiza o mesmo 25 de abril, e dixo que o 26 se poría en contacto coas autoridades de saúde pública de Portugal, para que lle dean as instrucións que consideren necesarias, e deste xeito o fixo o día 26 ás 13 horas.

Polo de agora nada mais. Ata o luns. Um saúdo, Apuntador.



## Correo do 30 de abril ao CRSPN

### Simulación:

Estimados colegas:

Ás 14 horas do día 28 de abril, o Hospital de Viana do Castelo avisou a saúde pública de que tiñan na unidade de cuidados intensivos (UCI) unha persoa ingresada, de nome Fotógrafo, que cumpría coa definición clínica de caso de gripe A/H5 e que o pasado 20 de abril estivera no humidal H. O doente atópase nun estado crítico, e a súa muller informou do seguinte.

Relato da muller do fotógrafo. O marido ten 67 anos de idade, está xubilado e é moi aficionado a fotografar paisaxes. O día 19 de abril partiu dende Viana do Castelo, onde reside, coa súa muller (MF1) cara o pobo de X, na Galiza, porque lle quería quitar unhas fotografías ao seu reputado humidal, H, que se atopa a 7 Km. Chegaron a X polo serán e ás 21 horas cearon no Restaurante Kertés, antes de retirarse a descansar na pousada Sander. O día seguinte, 20 de abril, o fotógrafo pasouno no humidal, no que se deitou para mellor quitar as fotografías e para descansar, mentres a súa muller quedaba no pobo de X. Pola noite repetiron no mesmo restaurante e ao día seguinte, 21 de abril, voltaron para a súa casa, a onde chegaron ás 21 horas, despois de parar a comer en Tui, ás 14 horas nun restaurante do que non lembran o nome nin tampouco saben describir onde queda, e visitar despois a uns amigos (AF1 e AF2) en Valença, cos que pasaron toda a tarde.

As 11 horas da mañá seguinte, a do 22 de abril, foron á misa da súa parroquia e ao saír quedáronse uns intres a departir cun grupo de amigos (AF3, AF4 e AF5), antes de voltar á súa casa para xantar coa familia, composta por un fillo e dous netos (FF1, NF1 e NF2). Pola noite dese mesmo día, a iso das 21 horas, foi cear con 4 amigos (AF6, AF7, AF8 e AF9) ao Restaurante Man-Ray, que tiña outras tres mesas ocupadas, onde lles atendeu o camareiro de sempre (CF1), mais antes de chegar ao restaurante o fotógrafo parou na veciña Taberna de Capa onde, dende as 17 horas en que chegou, estivo a falar co dono e dous clientes máis (AF10 e outro que non coñecía).

Despois da cea, marchou a súa casa, deitouse e pasou unha mala noite, non pola lamprea que ceara, se non pola tose que non o deixaba durmir. Pola mañán do día 23 ergueuse canso, algo febril e tusindo. A pesares diso, antes de almorzar baixou a mercar o xornal ao kiosko de Roberto Doisneau. Xa de volta na súa casa, pouco comeu e a iso das 16 horas dirixiuse ao médico de primaria (MF1) do centro de saúde máis próximo ao seu domicilio (Centro de Saúde-1), en busca dun remedio para a tose. Como quera que había unhas 6 persoas agardando, MF1 atedeu ao fotógrafo 1 hora e media despois de que chegase ao centro de saúde, e lle diagnosticou unha síndrome gripal e lle recomendou un tratamento sintomático, que mercou na botica de T. Frima de camiño para a súa casa.

Ao chegar a casa, o fotógrafo deitouse na cama, mais non foi quen de descansar, e a iso das 2 horas do día 24, a súa muller levouno a urxencias do Hospital de Viana. Alí estivo 1 hora, con outros tres doentes e os seus acompañantes, antes de que o ingresasen nunha habitación dobre co diagnóstico de pneumonía. O día 25 o seu estado empeorou e foi ingresado na UCI.

Apuntador: se neste hospital non houbese UCI, indicádeme a que hospital o terían trasladado.

Polo de agora nada máis. Ata o mércores. Um saúdo, Apuntador.

## Correo do 2 de maio ao CRSPN

### Simulación:

Estimados colegas:

O 30 de abril, un centro de saúde de Chaves (CSC1) informa que Mimí, alumna do Colexio Cocodrilos de Chaves, acodiu ás 11 horas ao centro con febre, malestar xeral e, quizais o máis chamativo, tusindo abundantemente. Ademais relatou que o día 23 de abril acodiu co colexio ao humidal H. Ao chegar ao centro viña acompañada do seu pai e da súa nai (PM1 e MM1), e na sala de espera estaban catro crianzas (ÇC1, ÇC2, ÇC3 e ÇC4, de 4, 6 e 12 meses, e 5 anos, respectivamente) acompañados polas súas nais (NM1, NM2, NM3 e NM4), polo que Mimí tivo que esperar 1 hora para ser atendida. No colexio Cocodrilos confirmaron a información proporcionada pola alumna e informaron que os levou a Empresa de Vixes Mon e que aos excursionistas, que eran das aulas 4ªA, 4ªB e 4ªC, os acompañara cadansúa mestra: Fátima, da aula A, da que viaxaron 14 dos 19 alumnos que ten; Celina, da aula B, da que viaxaron 16 dos 19 alumnos que ten; e Simone, da aula C, da que viaxaron 17 dos 20 alumnos que ten. Polo demais, o colexio conta con 28 aulas, 301 alumnos, 30 mestres e 5 persoas que fan labores alleas á docencia. Pola súa banda, a empresa de viaxes Mon confirmou que o día 23 de abril pasado levou a 47 rapaces do colexio Cocodrilos, de Chaves, de excursión ao humidal H, onde pasaron case que todo o día. Polo serán voltaron a Chaves. Da empresa só foi o condutor do autobús (de nome CM1). Sábese, ademais, que Mimí acodiu ao colexio os días 26 e 27, do que voltou a súa



casa na compañía de sempre, unha veciña (VC1, tamén da aula A e tamén foi de excursión o 23) e o seu irmao (VC2, dous anos máis novo), e que o 28 e o 29 estivo na casa, acompañada só polos seus pais. O 30 xa non foi ao colexio.

Tamén o 30 de abril chamou Artemio, de Guimarães, para preguntar como é que aos seus amigos de Galiza, cos que pasou o día 25 de abril no Humidal H, onde se reuniron as dúas familias aproveitando que era festivo en Portugal e en Corcubión (un dos concellos da provincia de A Coruña), por estaren no dito humidal lles dan un medicamento (Tamiflú) e lles chaman todos os días por teléfono para ver se están enfermos. Ao seren preguntado informou de que ao humidal H aodiú coa súa familia, e que alí pasaron dende as 11 ás 18 horas, para logo voltar a Guimarães. A súa familia compoñena a súa muller, Laura, e tres fillos, Jesús, de 10 anos, Aníbal, de 8 e Valentina, de 6. Artemio ten unha moblería en Guimarães (Mobles Cruz), onde traballa un empregado, Fermín, e a muller é a encargada da carnicería do Supermercado Diaz, tamén de Guimarães, onde traballa con Ana e Fernando. Os seus fillos acoden todos ao Colexio "As Fontes", de Guimarães, e cursan 5º, 3º e 1º de primaria. O colexio conta con 13 aulas, 199 alumnos, 15 mestres e 3 persoas que fan labores alleas á docencia.

O 1 de maio recibíuse o resultado da RT-PCR das mostras respiratorias tomadas a Fotógrafo. É o seguinte: positivo para virus gripal A/H3 e negativo para virus gripal A/H5 e para os outros virus considerados no diagnóstico diferencial.

Polo de agora nada máis. Ata mañán. Um saúdo, Apuntador.

### Correo do 3 de maio ao CRSPN

#### Simulación:

Estimados colegas:

O 2 de maio recibíuse o resultado da RT-PCR das mostras respiratorias tomadas a Mimí, de Chaves. É o seguinte: positivo para virus gripal A/H5 e negativo os outros virus considerados no diagnóstico diferencial.

Ademais o mesmo 2 de maio os centros de saúde nº 1 e nº 2 de Porto notificaron un caso posible cada un. Son os seguintes: Cecilia, de 18 anos, que estivo no humidal H o 25 de abril, xunto a outras alumnas do Liceu Lisbon de Porto; e Gill, unha muller de 29 anos que o 25 de abril estivo no humidal H co seu home. As súas historias, máis polo miúdo, son as seguintes.

Relato de Cecilia. O 24 de abril, Cecilia, alumna do Liceo Lisbon, aula A, foi a Santiago de Compostela xunto con alumnos e profesores do Liceo. Os alumnos pasaron a noite no Hotel "Trip" e o día seguinte, 25 de abril, pasárono visitando Santiago, menos ela, e catro alumnas máis (tres de intercambio, Bonnie, Therese e Lux, e outra de Porto, María) que co condutor do *ônibus* (a empresa era Viajes BUS) se achegaron ao humidal H. Alí pasaron o día, e despois recolleron aos compañeros en Santiago e voltaron a Porto. Cecilia vive cos seus pais (de nomes, Pai de C e Mai de C), e dende que voltou da excursión levou unha vida normal. Os días 26, 27 e 30 de abril foi ao Liceo, saía con Noivo e voltaba a casa a estudar. Ademais, o 28 e o 30 de abril pola noite acodiú á discoteca Middlesex co grupo de amigos habitual, no que están as outras alumnas que foron ao humidal e 4 ou 5 amigos máis (de nomes, Amigo 1, Amigo 2, Amigo 3, Amigo 4 e Noivo). O 1 de maio saíu con Noivo pola tarde, aínda que xa se atopaba febril e túsia dende pola mañá. O día 2 de maio, ás 9 horas xa estaba no centro de saúde, onde nada máis chegar foi atendida polo médico (Médico de C) que axiña a identificou como un caso posible. Deste xeito, pódese dicir que no centro de saúde non tivo contacto con ninguén máis.

Postos en contacto co Liceo, confirman o relato de Cecilia e nos informan de que conta con 500 alumnos, 70 profesores e 10 persoas que fan labores alleas á docencia, e na compañía BUS identifican ao condutor do *ônibus*, de nome CBUS.

Relato de Gill. Gill (Guillian) é unha muller de 29 anos, que vive en Porto e traballa na librería Consolatione Pecuniaie dese concello, aínda que dende o 7 de abril está de baixa por que lle veñen de diagnosticar un cancro de mama. Vive co seu home, Stuart, de 32 anos, que traballa na sucursal do Barne's Bank en Porto, e o 25 de abril –aproveitando o feriado– pasárono no humidal H; un día máis ben triste. Os días seguintes pasounos na casa, acompañada só polo seu home, ata o domingo, 29 de abril, que recibiron a visita dun amigo da parella, Oliver, co que foron a xantar ao Restaurante Inglaterra en Matosinhos. No restaurante, no que só había dous comensais máis (Jack Pitman e Martha Cochran), cos que estiveron a falar un rato porque eran coñecidos, foron atendidos pola señora Wyatt, mais nel estiveron pouco tempo porque Gill axiña quixo voltar a casa. O día 30 pola mañá comezou con febre e tose, que continuou o 1 de maio, e o 2 de maio xa non ergueu da cama ata que Stuart voltou do traballo e a levou ao Centro de Saúde. No centro compartiu sala de espera com dúas persoas (PG1 e PG2), segundo informa o médico que a atendeu (Médico de Gill), que neses intres era o único persoal que se atopaba no centro e foi quen notificou o caso posible.



Por outra banda, Stuart informa que no banco, onde reciben unhas 20 persoas diarias, traballa con tres compañeiros (BG1, BG2 e BG3), e que o seu amigo Oliver emprendeu o 30 unha das súas habituais “fuxidas ao monte” (vai só, sen teléfono móbil, de pobo en pobo) e, aínda que adoita facelo, desta volta non lles comentou por onde tiña pensado ir.

Polo de agora nada máis. Ata mañán. Um saúdo, Apuntador.

#### Correo do 4 de maio ao CRSPN

##### Simulación:

Estimados colegas:

Recibíronse os resultados da RT-PCR das mostras respiratorias tomadas a Cecilia e a Gill. As de Cecilia deron positivo para virus gripal A/H3 e negativo para A/H5 e os outros virus considerados no diagnóstico diferencial. Pola contra, as de Gill deron positivo para A/H5 e negativo para os outros virus considerados no diagnóstico diferencial.

Ademais chamaron os pais de Mimí e preguntan quen poderá visitar á nena, que vai pasar tantos días ingresada; e tamén chamou señora Wyatt, que aínda que non ten una grande amizade com Gill gostaría visitala. Que se lles contestou?

Ao rematar o día o Ministerio de Saúde trasladou unha mensaxe da OMS na que solicita que ao remate do surto se lle informe de cantas persoas estiveron, día a día, en vixilancia, separando as que estiveron en vixilancia activa das que o estiveron en vixilancia pasiva. Unha táboa como a que xa se está a enviar, pero cos días de calendario e non os de orde.

Polo de agora nada máis. Ata o luns. Um saúdo, Apuntador.

PS: O lapso non causou ningún problema.

#### Correo do 7 de maio ao CRSPN

##### Simulación:

Estimados colegas:

A primeira hora do 5 de maio chamou Oliver, porque a noite anterior Stuart lle informou de que os que estiveron en contacto con Gill tiñan que seguir un tratamento e vixiar a súa saúde. Non deron con el antes porque foi pasar uns días en soidade, camiñando pola Serra Peneda-Gerés. A primeira e a segunda noite (a do 29 e o 30 de maio) pasounas na Pousada O cão do Laboreiro, en Castro Laboreiro, onde cenou e mercou algunhas viandas para xantar na serra ao día seguinte. O mesmo comportamento o tivo nas outras pousadas nas que estivo (O Espigueiro de Lindoso, as noites do 1 e o 2 de maio, e As augas, de Gerés, a noite do 3 de maio). Como sempre que sae a está *sozinho*, non leva celular nin atende aos medios de comunicación. O día 4 de maio pola noite chegou de volta ao Porto e Stuart lle indicou o que tiña que facer.

Tamén o día 5 de maio, ás 20 horas, seguindo as instrucións que lle deron como contacto de Gill, a señora Wyatt chamou a súde pública para informar de que tiña febre e confirmar o que dijera Gill, que fora atendida por ela o pasado domingo 29 de maio cando comeu no seu restaurante. Mais o epidemiólogo ficou surpreso, porque coñecía o relato que Gill fixera dese encontro: “saudáronse cun xesto, non cruzaron palabra, e as separaba unha mesa (cabeceira fronte cabeceira) que non é pequena (ten máis de 1’5 metros de longo)”; e esta sorpresa comunicoulla á señora Wyatt: “aínda que non se sabe de certo, pénsase que é preciso un contacto moito mais estreito para que se produza o contaxio”. Esta, con certo desasosiego na voz, replicou que quizais Gill esquecérase de que o luns 30 fora á súa casa e que alí pasara boa parte da mañán. A señora Wyatt informou tamén de que na última semana –do 29 de abril ao 5 de maio– levou unha vida moi regular: non sendo para ir visitar a Gill, limitouse a ir da casa ao restaurante, a onde adoita chegar preto das 11 horas e marchar ás 23 horas. No restaurante encárgase da dirección, e só en poucas ocasións atende algunha mesa, como fixo con Gill. Lembra por exemplo que hoxe mesmo –aínda non se atopaba mal– atendeu a unha familia amiga, os Adams, e o mércores a Mr Ansar e o seu séquito. No restaurante traballan 1 cociñeiro (XA), un camareiro (AO) e un empregado que axuda tanto a servir como na cocíña (CR); e o normal nestes días e que acodan entre 15-20 persoas a xantar e outras tantas a cear. As fins de semana acode alguna pesoa mais, e non teñen modo de identificalas. Para rematar, a señora Wyatt confirma que non acodiu a H na súa vida, e que onte e hoxe tomou o medicamento.



O día 6 de maio, na vixilancia activa, dous contatos de Mimí, CC1 e CC4 informan de que dende a mañan cedo –CC1– e dende medio día –CC4– tiñan náuseas e vomitaban. Querían saber que tiñan que facer (nota: queda descartado calquer proceso infeccioso común)

Polo de agora nada máis. Ata mañán. Un saúdo, Apuntador.

### Correo do 8 de maio, penúltimo ao CRSPN

#### Simulación:

Estimados colegas:

A primeira hora do 7 de maio soubose da RT-PCR positiva para A/H5 nas mostras tomadas á señora Wyatt, e do resultado negativo para os outros virus considerados no diagnóstico diferencial. Comprobouse tamén que a señora Wyatt non tivo contacto con ningún animal en moito tempo (de feito, non gusta dos animais).

Por certo, que decidíu o médico de familia sobre a suspensión do oseltamivir?

Noutro eido de cousas, para preparar axeitadamente o relatorio do simulacro, precisaría que o vindeiro 10 de maio, á hora habitual, me enviasedes un pequeno resumo da vixilancia e da avaliación do uso da quimioprofilaxe. E para o 14 de maio precisaría tamén una avaliación sobre o simulacro: a súa utilidade, os fallos (por se se quixese repetir unha experiencia semellante), unha valoración global, e o que vos entendades que é interesante para quedar recollido no relatorio definitivo do simulacro.

Polo de agora nada máis. Ata mañán. Un saúdo, Apuntador

### Correo do 9 de maio, último ao CRSPN

Estimados colegas:

Ata aquí chegou a simulación –agora só queda intercambiar algúns correos sobre ela– e a minha participación, mais não sei como despedir-me, ata sempre? Ata outra? Ata nunca? Seja como fose, déixovos coa imposible historia de Klidas, "Aqui onde o mar se acaba e a terra principia", como quedou escrito noutro lugar.

Un saúdo, Apuntador.

Un saúdo, Apuntador.

**A imposible historia de Klidas.** Klidas era um homem de 70 anos, guarda-florestal retirado, que vivía sozinho nunha casa a 1 Km da aldea K, preto de Vinhais. Era um homem rudo, que fugia da relación coa gente, e dende logo non falaba cos vizinhos de K (que del dicían que era uma condea ter que trata-lo). Era ademais moi frugal ("um artista da fame"-outra vez os vizinhos), e chegaba-lle com ir cada 15 dias a por provisões a Bragança. Um dos seus poucos amigos era Max, co que coincidira cando traballaban ambos na vila de X, Max como médico rural e Klidas como guarda no humidal H. O día 24 Klidas foi a X a visitar a Max, e pasou todo o día com elle. Pasou a noite na Pousada O Castelo, de X, e o 15, antes de voltar á sua casa en K pasou polo humidal H, e observou todo o estrago que fixo o paso do tempo (se ata había um feixe de páсарos mortos! – pensou).

Esse mesmo día 25 estaba já na súa casa de K, e dende entón ata cando morreu só recibiu uma visita, a da súa irmá Ottla, que se achegou a K o día 30 de abril pola noite para pasar o día feriado com Klidas, como facía cada mês, mais ou menos. E como sempre facían, falaron do pasado, da situación da familia e pouco máis; das coisas do mundo, bem o sabía Ottla, Klidas nada quería saber: nen TV, nen radio, nen jornais, mesmo sem telefone. Pola noite dese 1º de maio, Ottla marchou á súa casa em Braga.

Cando o deixou Ottla, Klidas estaba mal, tinha algo de febre e pasou o dia tosindo. Decidíu tomar algo para a febre e o xarope para a tose. Ora bem, estes remedios, que algo fixeron o día 2, já non arranxaron nada o día 3, e ficaba tan mal que decidíu acudir ao médico ao día seguinte. Mais, pola noite, a infecção, junto á enfermidade pulmonar crónica que padecía, probocou uma insuficiencia respiratoria que lovou ao coma e, finalmente, á morte na madrugada do día 4 de maio. A día de hoje ninguém se decatou aínda de que faleceu.

Pola súa banda, Ottla chegou o mesmo 1 de maio a Braga, onde regia a Pousada Daguerre, no número 17 da rúa IP. Alí vivía cos estudantes que paraban na pousada e co seu fillo, JR, a súa nora, Dora, e os seus netos (ALA, JE, JB e CF). O día 7 de maio Ottla comezou a sentise cansa e com algo de febre, e o 9 de maio empeorara tanto que foi ao centro de saúde do barrio do Corvo. Alí a atendeu o seu médico (SL), que seguindo as intruções que lle chegaran de saúde pública ...



a)... lle preguntou se nos 7 días previos ao comezo dos síntomas – ou, mellor, se nalgún momento do último mês – acodira ao humidal H ou tivera contacto com aves. Como quera que Ottla respostou negativamente a ambas preguntas, recomendou o seu ingreso no hospital de Guimarães, co diagnóstico de pneumonía adquirida na comunidade e sem nenhgunma precaução especial.

b)... ... lle preguntou se nos 7 días previos ao comezo dos síntomas tivera contacto com alguma pesoa que tivese uns síntomas semellantes aos dela (em geral, febre, tose ou dificultade para respirar). Como quera que Ottla respostou afirmativamente á pregunta, lembrando o estado de Klidas na última visita, chamou a saúde pública que recomendou o seu ingreso no hospital de Porto, co diagnóstico de pneumonía adquirida na comunidade, mais seguindo as precaúções dos casos posíveis de gripe A/H5, na espera de poder entrevistar a Klidas.

De seguir a simulación, pola vereda a) chegaríase a um *cluster* de traballadores sanitarios aos 4-5 días do ingreso de Ottla no hospital, no que probablenete tamén tería ingresado algún membro da súa familia ou algún estudante da pousada. Pola contra, pola vereda b) conheceríamos os nomes dos estudandes que hospedaba Ottla, e das amigas íntimas desta, coas que pasaba máis de dúas horas diarias (Valli e Elli, problememente), e o número de pesoas que había e o tempo que pasou no centro de saúde antes de ser atendida por SL.

Mais todo isto é outa historia.



***Pouco dannos os deuses, e o pouco é falso  
mais, se o dan, aínda que falso, a dádiva  
é verdadaria.***

**Ricardo Reis**